

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 25 DE XUÑO DE 2019

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

PDI

Barrriocanal López, Yolanda

Castro Pérez, Ladislao

Comendador Rey, Beatriz

Juana López, Jesús de

Pérez Losada, Fermín

Prada Rodríguez, Julio

Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Domínguez López, Ángel

Presedo Garazo, Antonio

Alumnado 3º ciclo

Souto Castro, Iria

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Desculpan a súa ausencia:

PDI

Uña Álvarez, Elena de

López Díaz, María

Na sala de profesorado da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade que figuran ao marxe, o 25 de xuño de 2019, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 14 de maio de 2019.
2. Informe da presidenta.
3. Aprobación, se procede, dos cambios da Memoria para a solicitude de Verificación de títulos universitarios oficiais “*Mestrado interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade*” (USC-UVIGO-UDC, coa participación do INCIPIT-CSIC).
4. Aprobación, se procede, dos cambios da Memoria do “*Mestrado universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural*”.
5. Rolda de intervencións.

A decana pasa a dar lectura dos nomes dos membros da Xunta de Facultade que xustifican a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta. Indica tamén que non está presente por atoparse de baixa por enfermidade o Prof. Alberto Valín Fernández.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 14 de maio de 2019.

Apróbase por asentimento.

2. Informe da presidenta.

Indica que dado que para a vindeira semana haberá outra xunta de facultade con asuntos de máis debate, apraza este punto para citada xuntanza.

3. Aprobación, se procede, dos cambios da Memoria para a solicitude de Verificación de títulos universitarios oficiais “*Mestrado interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade*” (USC-UVIGO-UDC, coa participación do INCIPIT-CSIC).

Toma a palabra a profesora Beatriz Comendador, coordinadora da Universidade de Vigo para o citado mestrado. Comeza explicando que os cambios na memoria obedecían nun principio a que se incorporaba a Universidade da Coruña de xeito oficial ao mestrado interuniversitario. Logo o proceso complicouse porque a maior parte do profesorado do CSIC causaban baixa. Por ese motivo, a Comisión Académica decidiu propor en algunhas materias cambios de maior calado. Na fase de exposición do borrador da Memoria remodelado, un grupo de profesores e profesoras das áreas de Prehistoria e Historia Antiga da USC presentou un documento de alegacións cun carácter moi crítico, solicitando que o mestrado se retirara da oferta docente. Estas alegacións foron respondidas pola Comisión Académica do Título e cando se reuniu a Xunta de Centro da USC, aprobouse sen ningún voto en contra. A coordinadora comenta que os autores do escrito non compareceron a esa xuntanza. Explica que o borrador da memoria modificada foi validada onte en comisión de calidade.

Apróbase o borrador da memoria modificada por asentimento.

4. Aprobación, se procede, dos cambios da Memoria do “*Mestrado universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural*”.

Explica a decana que as reformas que se inclúen no borrador desta memoria se relacionan directamente co acordo entre a Facultade de Historia e a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía de retirar a este último centro de la adscrición do título, quedando en consecuencia, adscrito só á Facultade de Historia. Este procedemento iniciouse coa declaración de intencións perceptiva. Nun principio pensouse que esta situación non implicaría cambios na memoria, pero dende a área de calidade da UVigo puntualizaron que determinados aspectos do documento, relacionados directamente coa Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, deberían adaptarse á nova situación. Tanto a decana como o coordinador, Fermín Pérez, coinciden que estes cambios deberían terse realizados o curso pasado, momento en que o título foi reformado. Isto non foi posible porque a solicitude da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía realizouse no presente curso. En calquera caso, reiteran que esta modificación fíxose de común acordo e que ten un carácter práctico co obxectivo de mellorar a operatividade. Explican que o borrador da memoria modificada foi validada onte en comisión de calidade.

Apróbase o borrador da memoria modificada por asentimento.

5. Rolda de intervencións.

De xeito informal a decana expón a problemática relativa á elaboración de horarios e comeza un intercambio de opinións relacionados co tema.



Iria Souto García, representante de alumnado de terceiro ciclo indica que o sábado día 29 de xuño finaliza o seu contrato o que comunica aos efectos oportunos dado que non procede xa que figure como representante deste sector nas distintas comisións e na xunta de facultade.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.40 h do día 14 de maio de 2019, da que eu como secretaria , dou fe co visto e praxe da decana.

A decana

A secretaria

Asinado dixitalmente

Asinado dixitalmente

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba